

Novas miradas 2023-2024

Novas Miradas é unha programación cinematográfica pensada para mozos e mozas de 4º de ESO, Formación Profesional e Bacharelato que reúne a proxección de varias películas, moitas delas do catálogo de películas do programa educativo CinEd (www.cined.eu). A programación foi deseñada conxuntamente coa Asociación A Bao A Qu.

CinEd é un proxecto educativo de ámbito europeo participado por distintos países para darlle difusión ao noso patrimonio cinematográfico. Nace en 2015 co obxectivo de achegar a mocidade ao cinema europeo e descubrir a súa diversidade cinematográfica, cultural e lingüística. Trátase dunha selección de películas singulares, de gran potencia expresiva, que apelan e interpelan a cada un de forma única e persoal. Foi concibida como unha oportunidade para que os mozos e mozas descubran o cinema europeo, o coñezan e gocen, e como un recurso pedagóxico privilexiado para traballar áreas curriculares.

Todas as películas van acompañadas dunha presentación na sala da Filmoteca e de **materiais pedagóxicos**, con propostas e orientacións para o traballo de aula, co fin de favorecer unha aproximación activa e creativa aos filmes. As propostas permitirán abordar as obras en diferentes niveis (desde o filme no seu conxunto á análise concreta de secuencias, planos e fotogramas) e desde perspectivas diversas (temáticas, técnicas, históricas, sociais e culturais). Poderase establecer un diálogo entre as películas da colección CinEd e imaxes procedentes doutros campos artísticos e culturais (fotografía, pintura, cómic, publicidade, etc.), así como relacións coa literatura, o urbanismo, a historia.

A Filmoteca de Galicia en colaboración coa Asociación A Bao organiza un **encontro de formación para docentes o luns 6 de novembro ás 16h** na Sala Sellier da Filmoteca de Galicia (Durán Loriga, 10 baixo - A Coruña)

Calendario programa *Novas miradas* 2023-2024

Luns 6 de novembro ás 16h. Encontro de formación con docentes: ***O potencial pedagóxico do cinema europeo nas aulas***

Martes 14 de novembro ás 11h: ***La promesa*** de Luc e Jean-Pierre Dardenne, 1996.

Martes 5 de decembro ás 11h: ***Viaje al cuarto de una madre*** de Celia Rico, 2018.

Martes 16 de xaneiro ás 11h: ***El verdugo*** de Luis García Berlanga, 1963

Martes 6 febreiro ás 11h: ***Alcarrás*** de Carla Simón 2022.

Martes 5 de marzo e martes 16 de abril: un grupo de mozos e mozas participantes no proxecto programará dúas destas catro películas:

Pierrot le fou de Jean Luc Godard, 1965

Il Posto de Ermanno Olmi, 1961

Zhaleika de Eliza Petkova, 2016

Uma pedra no bolso de Joaquim Pinto, 1989

Luns 6 de novembro ás 16h. Encontro de formación cos docentes participantes na sala Sellier da Filmoteca de Galicia: ***O potencial pedagóxico do cinema europeo nas aulas***

O día 6 de novembro levarase a cabo un encontro cos docentes participantes interesados en afondar sobre o potencial pedagóxico das películas elixidas. Será unha sesión de 3 horas e media con pautas de traballo, metodoloxías de análise e introduciranse diversos temas a partir de cada un dos filmes ademais de comentar algúns fragmentos das películas. Se presentarán algunhas prácticas e propostas de traballo na aula vinculados as sesións de proxección na Filmoteca de Galicia.

Martes 14 de novembro 2023 ás 11h: ***La promesa*** de Luc e Jean-Pierre Dardenne, 1996.

La promesa Luc e Jean-Pierre Dardenne, 1996. Belxica. 90 min. Cor. Versión orixinal con subtítulos en castelán



Igor vive entre a admiración e o receo cara ao seu pai, que se dedica ao tráfico de persoas migradas ilegalmente e abusa da súa situación. O accidente dun dos traballador obrigará a Igor a tomar as súas propias decisións e a descubrir o seu camiño.

Filmada cun estilo fresco e documental, a forza de *La Promesa* recae completamente na construción dos personaxes, en como se tecen as súas relacións e como evolucionan durante o filme, en como se traballan e se mostran as dúbidas e os sentimentos

do protagonista, na profundidade e na delicadeza do guión.

Como é habitual no cinema dos irmáns Dardenne, a película sitúanos no corazón dos conflitos éticos de persoas que teñen que enfrontarse a un sistema social a miúdo desapiadado. O filme, premiado en diversos festivais, significou o descubrimento internacional dos irmáns Dardenne na súa estrea na ficción tras unha longa traxectoria no cine documental.

Que traballamos? A liberdade e a responsabilidade individual. O guión e a construción dos personaxes. A ética e o compromiso social no cinema.

Martes 5 de decembro 2023 ás 11h: ***Viaje al cuarto de una madre*** de Celia Rico, 2018. Despois da proxección poderemos conversar coa cineasta.

Viaje al cuarto de una madre Celia Rico, 2018. España. 91 min. Cor. Versión orixinal castelán



Da súa primeira longametraxe, a cineasta di que é unha “película íntima sobre os vínculos familiares que constantemente nos unen e sepáranos, fannos fortes e á vez tan fráxiles. Unha película sobre os afectos e as distancias entre unha nai e unha filla, e sobre a complexidade de quererse”. Ademais de reflexionar sobre as relacións familiares e as dificultades do paso da adolescencia á vida adulta, analizando *Viaje al cuarto de una madre* penetraremos no proceso de creación do filme da man da

propia Celia Rico que se conectará en liña.

Que traballamos? A complexidade das relacións familiares e de facerse maior. A construción do guión e a dirección de actrices. A dirección de arte e a fotografía.

Martes 16 de xaneiro de 2024: *El verdugo* de Luis García Berlanga, 1963

El verdugo Luis García Berlanga, 1963. España. 87 min. Branco e negro. Versión orixinal castelán



José Luis, o empregado dunha funeraria, proxecta emigrar a Alemaña para converterse nun bo mecánico. A súa noiva é filla de Amadeo, un verdugo profesional. Cando este sorpréndeos na intimidade, obrígaos a casar. Ante a falta de medios económicos dos recentemente casados, Amadeo, que está a piques de xubilarse, trata de persuadir a José Luis para que solicite a praza que el vai deixar vacante, o que lle daría dereito a unha vivenda.

José Luis acaba aceptando a proposta do seu sogro co convencemento de que xamais se presentará a ocasión de exercer o oficio.

El verdugo é unha das películas que mellor representa o inconfundible cinema de Luís García Berlanga. Desapiadada crítica social que máis aló dos seus personaxes e situacións, dos seus diálogos e da súa memorable posta en escena, é unha película inesgotable. É un filme sobre a liberdade e a súa ausencia; sobre a decisión individual e o conformismo; sobre a violencia da sociedade e a opresión do individuo. Película necesaria e especialmente pertinente para reflexionar sobre a responsabilidade individual e o deber de exercela.

Que traballamos? A liberdade e a responsabilidade individuais fronte ao determinismo social. O berlanguismo: a plano secuencia e a posta en escena. A España dos 60 e o franquismo.

Martes 6 de febreiro de 2024: *Alcarrás* de Carla Simón, 2022

Alcarrás Carla Simón, 2022. 120 min. Cor. Versión orixinal con subtítulos en castelán



Desde fai oitenta anos a familia Solé cultiva as mesmas terras en Alcarrás. Cada verán dedícanse á colleita dos pexegos, pero este ano pode ser a última vez. Os campos están ameazados pola talla dos froiteiros para instalar no seu lugar placas solares. En palabras de Carla Simón: “É unha historia sobre a pertenza á terra, a un lugar. Un drama sobre as perpetuas tensións xeracionais, a superación de antigas tradicións e a importancia da unidade familiar en tempo de crise”.

Que traballamos? A construción dos personaxes nunha película coral e o traballo con actores e actrices non profesionais. O proceso de creación do filme: guión, planificación, ensaios, montaxe. Veremos documentos xerados por Carla Simón durante a preparación e a rodaxe do filme: varias fases do guión, ensaios cos actores, variacións de montaxe etc. Aspectos de linguaxe cinematográfica: o plano, o punto de vista, a iluminación e a montaxe como eleccións cinematográficas para expresar emocións e construír a historia. O compoñente político do filme: loitas e resistencias.

Martes 5 de marzo e martes 16 de abril: un grupo de mozos e mozas participantes no proxecto programará dúas destas catro películas: ***Pierrot le fou*** de Jean Luc Godar, 1965; ***Il Posto*** de Ermanno Olmi, 1961; ***Zhaleika*** de Eliza Petkova, 2016; ***Uma pedra no bolso*** de Joaquim Pinto, 1989

Pierrot le fou Jean-Luc Godard, 1965. Francia, 110 min. Cor. Versión orixinal con subtítulos en castelán



Pierrot e Marianne reencóntranse unha noite despois de moitos anos. Foxen de París e escapan cara ao sur. Pero a súa fuxida non é só romántica; tamén está ameazada por unha confusa persecución entre bandas na que está implicada Marianne. Íllanse como Robinsones, pero Marianne estraña a civilización e reaparecen os problemas

Con cadros e textos, cancións e músicas, vermello e azul, mar e ceo, Godard compón unha película de aventuras e unha historia de amor, unha celebración lírica e trágica. Unha das grandes obras dun cineasta que, en case sesenta anos de traxectoria, non deixou nunca, película tras película, de reinventar o cinema.

"A xente cataloga a aventura. Din: imos de vacacións, a aventura empezará cando cheguemos ao mar. Por iso, cando están a comprar o billete de tren, consideran que a aventura non empezou aínda. En cambio, en *Pierrot le fou*, todo está ao mesmo nivel: comprar os billetes de tren é tan apaixonante como bañarse." Reflexión de J.L. Godard

Podemos traballar Unha revolución nos modos de facer e concibir o cinema. A montaxe e outras formas de narrar: ritmo e tempo. Pintar o cinema: paleta de cor e referencias á historia da arte. O cinema como arte total: citas literarias, pictóricas, musicais, cinematográficas... Jean-Luc Godard como gran creador da modernidade

Zhaleika Eliza Petkova, 2016. Alemaña, 92 min. Cor. Versión orixinal con subtítulos en castelán



Lora, unha moza de 17 anos, debe afrontar a morte do seu pai. Na súa pequena aldea búlgara, onde o tempo parece deterse, a súa familia e veciños esperan que respecte un loito rigoroso. De agora en diante, debe vestir de negro, deixar de escoitar música e asistir a diferentes rituais de duelo. Con todo, Lora quere seguir gozando da súa mocidade. Pero o seu desexo de vivir unha vida normal vese truncado polo xuízo dos demais, que a forzan a desempeñar o rol de orfa.

Podemos traballar As tradicións. O pasado e o presente. O documental dentro da ficción. A linguaxe corporal no cinema.

Il posto Ermanno Olmi, 1961. Italia, 93 min. Branco e negro, versión orixinal con subtítulos en castelán.



Domenico Cantoni, un mozo tímido de 16 anos, vive cos seus pais e o seu irmán en Meda, unha pequena localidade da Lombardía. Aínda que quere seguir estudando; debe comezar a traballar para poder axudar economicamente á familia. A película iníciase o día que Domenico vai a Milán para pasar as probas de acceso a unha gran empresa que está a facer selección de persoal. Alí coñece a Magali. Os dous serán contratados, pero en departamentos moi distantes.

Il posto é a segunda longametraxe de Ermanno Olmi e parte duns

feitos que lle son moi coñecidos. Fillo de campesiños bergamascos, como o protagonista da película tamén empezou a traballar en Milán e tivo o seu primeiro emprego na fábrica Edison Volta. A diferenza de Domenico (o protagonista do filme), condenado a un triste emprego, Olmi empezou traballando na dinamización de actividades para os empregados e pronto lle encargaron realizar pezas documentais sobre as fábricas Edison. Entre 1953 e 1961 Olmi realizou 40 documentais industriais: unha experiencia cinematográfica que seguirá viva ao longo de toda a súa traxectoria.

Podemos traballar O cinema entre a ficción e o retrato documental. Encadre e movementos de cámara. O valor do rostro e a mirada no cinema. A reflexión sobre o mundo do traballo. As relacións familiares. Facerse maior. As transformacións urbanas, laborais e sociais nos anos 60'

Uma pedra no bolso Joaquim Pinto, 1987. Portugal. Cor. Versión orixinal con subtítulos en castelán



Inspirándose en vivencias persoais, Joaquim Pinto sitúa a súa primeira longametraxe nun hostel da costa portuguesa. Miguel ten 12 anos e enviáronlle a pasar o verán coa súa tía debido ás súas malas notas. Alí coñecerá a Luisa, unha nova empregada do hostel, e experimentará o desexo por primeira vez; e a João, con quen descubrirá un mundo de conquistas e seducións. Hipnotizado por todos eles, aos poucos darase conta dos segredos do mundo adulto

Joaquim Pinto: "Quería experimentar con ideas que non vira nas películas nas que traballara, por iso pensei que sería interesante atopar o modo de desenvolver unha historia con poucos personaxes e unha unidade de lugar que permitise rodar nun breve espazo de tempo"

Podemos traballar As relacións entre personaxe e paisaxe. O paso da infancia á adolescencia. O valor do real na ficción